

Ás veces
penso en todas as vidas que poido vivir
penso na miña mente chea de oportunidades infindas
penso nun camiño desdebuxado
nas miñas pegadas

Ás veces penso no futuro
e moitas delas sinto medo
chega unha vida?
chega para experimentar todo o que desexamos?

A vida como un diario inmarcesible
dos soños
das frustracións
de todas as vidas
que quedaron no tinteiro
da nosa inexpugnable imaxinación

Podería ser cociñeira
e actriz
e música de jazz
pianista
alpinista?
debuxante
cantante
dona dunha librería
ou dunha multinacional

Gustaríame vivir
en Nova York
Florencia
Berlín
Madrid
Caracas
Bos Aires
Petra

Fago unha listaxe con soños
fago una listaxe con vidas aleatorias
agora que podo
agora que na miña efémera xuventude
teño a capacidade de imaxinar
todo aquilo que nun futuro incerto

desaparecerá entre os refachos
do vento que pasa polos meus anos

Sinto mágoa
porque nunca serei diseñadora
nin fotógrafa
nin directora de cine
teño un medo terrible a non seguir coa música
a que a miña paixón se esvaeza
entre unhas pretensións
ficticias
entre unhas expectativas
irreais

Busco entre a brétema que invade os meus pensamentos
un anaco de luz
busco unha sinal
un símbolo
un punto de apoio
un indicio
de que collo o camiño correcto
intento atopalo entre os descansos
do vertixinoso ritmo que leva a miña vida

Agora teño medo do camiño
medo reconvertido en ilusión
pero realmente o pavor chega
se a pregunta que me fago
cando o reloxo marque os anos pasados
é se a vida que escollín
non é a correcta